

# Hildegart, Aurora, Risco, Vallejo-Nágera

VICENTE ARAGUAS



**ENTRADA AO XARDÍN DO SABER**

HENRIQUE DACOSTA

Edicións Redelibros. Vigo, 2014

**H**enrique Dacosta ten talento literario abondo, tamén capacidade historiadora e documentalista, igualmente aquilo que se chamaba vontade de estilo, mesmo un aquel selectivo á hora de escoller un galego xeitoso (aínda que dubide entre pesquisa e pescuda, por exemplo), como para facer dunha novela súa, así esta *Entrada ao xardín do saber* (Edicións Redelibros, Vigo, 2014), produto útil e deleitable, de lectura tan amenisima, que consegue que un nachiño cada vez máis escéptico, cal quen isto asina, devore as súas máis de trescentas páxinas en tres sesións.

Por qué? Primeiro, pola eficacia dunha historia contada en estrutura paralela en capítulos alternos, na que o devir de Vicente Risco, á procura de Aurora Rodríguez Carballeira e Hildegart, asasinada a segunda pola primeira, co agravante que adoita ter o filicidio, viaxa na compañía indagadora dun home, Henrique de Sas, quen na Fundación Penzol tenta atopar razóns que adobien un traballo que argalle sobor da figura de Don Vicente. E bate, como cabería agardar, con Hildegart, miñañoia, creatura dese-

ñada polo talento perverso dunha das ferrolás máis famosas, e non precisamente polas súas dotes filantrópicas, cal Dona Concepción Arenal, por exemplo, Aurora Rodríguez Carballeira. Sendo Aurora, como é ben coñecido, tía de Pepito Arriola, curmá este de Hildegart ("Xardín do saber", daí o título do libro), non sorprenderá que este tamén se deixe ver na novela. Co engadido, á hora do "máis madeira" pola banda de Dacosta, do siquiatria militar Antonio Vallejo-Nágera, autor dun libro, *Locos egregios* –non confundilo co seu fillo, Juan Antonio, asinante do volume homónimo–, no que ben podería estar a infame nai de Hildegart.

Mais non teña medo o lector, que Henrique Dacosta é quen de manexar todo este material humano e a carga anecdótica (tamén categorica) que implica, co habelencia dosificadora. O único problema que lle vexo á aparición de Vallejo-Nágera é que este entre un pouco a fume de carozo, metido un chisco ás carreiras para explicar o remate, que tampouco é que precisase ficar tan ben atado. Poisque a historia, e sobre todo a atmosfera (Dacosta é un gran criador/ recriador delas), viñan xa

"...Henrique Dacosta é quen de manexar todo este material humano..."

moi ben desenroladas, sen precisar, repito, desa lazada (polo demais axeitada, aínda que un chisco vertixinosa) que aplica o Henrique Dacosta. Sobre todo porque esa premura contrasta co tempo lento, en xeral, da historia. Un "ir" de vagariño, moi polo miúdo, que a mín é o que máis me presta. Así a marcha inopinada de Risco de Ourense, deixando "La Región" aberto na táboa do café coa nova da morte de Aurora, para abraio dos seus contentos, a Madrid. Eses días madrileños (tamén os de Alcazar de San Juan, á procura da fámula de Aurora e Hildegart) están xenialmente narrados. Como, aínda que o nado interese menos, os do monfortino De Sas, en Vigo, na Penzol. En fin, que o libro está moi ben, e desfruta dunha edición impecable nesta editora nova (para mín) e afoutada. Á que desexo unha espléndida viaxe.

## TEATRO SOBRE A COMPLICIDADE NOS NENOS E NENAS

**AOS REIS MAGOS NON LLES GUSTAN OS CARAMELOS DE MENTA**

ISABEL FREIRE

Galaxia / 8,40 euros



Baltasar queda durmindo no sofá na casa de Nela e non hai quen o esperte. Corre perigo a noite dos Reis Magos? É a grande pregunta que se fai neste libro. Nesta espera máxica, ategida de humor, vai aprender a responsabilizarse dos seus actos a traves da complicidade entre unha nena de oito anos e as Sús Maxestades, os Magos de Oriente. A coruñesa Isabel Freire, autora desta obra para nenos de dez anos en adiante e adscrita á colección Árbore, de Galaxia, posúe unha longa traxectoria profesional como xornalista na Radio Galega. Como escritora, saben dela milleiros de nenos e nenas polos libros do peixe Club, o becho máis intrépido dos acuários. Ten escrito tamén historias protagonizadas por detectives. En "Aos Reis Magos non lles gustan os caramelos de menta", Freire atrévase co teatro pensado para os máis pequenos da casa no marco da imaxinación. A edición conta na súa portada cunha ilustración de María Lires.

## UNHA FÁBULA VAMPÍRICA NO FÍO DA ADOLESCENCIA

**SANGUE 12**

CRIS PAVÓN

Urco Editora (Alcaian) / 12 euros



A cabalo entre os séculos XIX e XXI, "Sangue 12" mestura dun xeito bizarro o real e o fantástico a través dunha fábula vampírica que conxuga fíos de feminismo, tecnoloxía e literatura para tecer a historia do delongado trazo adolescente da protagonista, unha rapaza que asume os propios devezos e constrúe unha identidade vista como aberrante polos demais. Cristina Pavón publicou a súa primeira novela hai dos anos "Limiar de conciencia", que foi finalista no Premio Xerais e no García Barros e que, aínda así, tivo auténticos problemas para atopar editor. Profesora de Informática no ensino secundario, Pavón foi a última gañadora do prestigioso Certame Nacional de Narracións Breves Modesto Figueirido. Tamén está en posesión do Premio de relato curto "Liceia de Noia" (2008), e o de Relato da Asociación Mulleres Progresistas de Vigo (2009). Lectora precoz e escritora serodia, na súa narrativa aborda, mediante argumentos realistas ou fantásticos, a construción e o esbozoar da identidade, a erosión do eu e o papel que xogan a memoria e a linguaxe neses procesos.